

A luz de Lilith n'Avenida da Fe

Moncho Iglesias Míguez
Departamento de Castelán
Universidade de Belén, Palestina
monchoi@bethlehem.edu

Resumo: Os mitos constitúen unha base de inspiración para o mundo da literatura. Eses mitos fantásticos, asociados á realidade dos narradores provocan o nacemento dun tipo de literatura coñecida como realismo máxico, que de acordo a diferentes críticos ten a súa orixe en Oriente ou Occidente. Nese encadre atópase *Luz de lúa n'Avenida da Fe*, unha obra que une a tradición xudaica que explica a existencia dunha primeira muller anterior a Eva, Lilith, coa realidade dun Irán en plena revolución cultural. Costumes, relixións e historia aparecen nesta novela dun xeito que se confunden e se integran coa realidade.

Palabras-chave: Literatura; xudía; feminista; Lilith.

Introdución

Luz de lúa n'Avenida da Fe é a segunda novela de Gina B. Nahai, unha autora iraniana que manexa a realidade do seu país natal, dun xeito histórico, facéndoa coincidir coa maxia propia da literatura e dos mitos. Estes mitos e lendas, en particular o de Lilith, son o obxecto de estudo deste traballo, onde se amosa que as mulleres do libro de Nahai son imitacións, ás veces valentes, outras covardes, desa primeira femia. O traballo enfócase seguindo a evolución dos seus personaxes, e comparándoos coas visións que outras autoras, principalmente xudías emigradas, tiveron de Lilith.

As primeiras liñas están dedicadas a unha breve introdución sobre a literatura persa, para así presentar o contexto cultural do que saíu Gina B. Nahai. Despois coméntanse diferentes posturas e ideas sobre Lilith, a protagonista intrínseca da novela, para rematar co traballo propiamente dito.

Os datos biográficos das notas ao pé de páxina están tirados das Enciclopedias iraniana e xudaica, así como da antoloxía literaria de Julia Reidhead. Neles se explica, moi concisamente, quen son eses estudosos, para resaltar así a súa influencia e traballo en torno ao mito de Lilith e a literatura.

Literatura persa

A literatura persa clásica é un mosaico de poesía e prosa onde a primeira prevalece sobre a segunda. Desta maneira, apunta a estudosa Mozaffari (2005: ii), as figuras máis sobranceiras da literatura persa, traducidas e coñecidas en Occidente, son poetas como Ferdowsi, Hafez, Omar Khaiyam, Rumi e Sa'adi¹. A importancia da lírica é tal que a versificación era un requisito para calquera estudoso. De feito, pódese atopar poesía en case calquera traballo persa, tanto de literatura como de ciencia. Serve de exemplo o caso de Avicena², quen escribiu en verso moitos dos seus apuntamentos médicos.

A literatura en lingua persa consegue imporse sobre a árabe no medievo grazas á poesía mística sufí e o libro de relatos *As mil e unha noites*. A primeira, a poesía sufí, é unha das formas literarias máis cultivadas durante a Persia do século XV. As historias contadas por Sherezade ao longo de mil e unha noites recrean narracións populares que chegaron a cobrar fama e independencia por si soas, como son as aventuras de Simbad ou Alí Baba.

Dende os últimos anos do século XIX ata mediados do XX, a literatura iraniana sofre unha gran transformación; por unha parte, grazas ao contacto coa literatura occidental, por outra banda, debido aos cambios acaecidos no país. A Revolución Constitucional (1906-1911) consegue reformas sociais que afectan a posición da literatura, concedéndolle un posto prominente como instrumento educativo, e de progreso e tolerancia. Os escritores comezan a usar os seus escritos para comunicarse e discutir temas de carácter social e político, aumentando considerablemente o número de lectores.

A literatura iraniana convértese nun fenómeno social na década dos sesenta, na que crece a concepción do escritor como intelectual

¹ Abu'l Qasem Ferdowsi Abu'l (940-1019 ou 1025) é un dos máis grandes poetas épicos e autor do *Sah-nama*, epopea nacional persa.

Shiraz Shiraz Hafez (1315-1390) é o poeta persa máis famoso. Moitos dos seus poemas convertéronse en proverbios e son moitos os iranianos que poden recitar de memoria os seus versos.

Omar Khaiyam (1048-1131) foi matemático, filósofo e astrónomo, aínda que sobresaíu coma poeta, onde destacan os seus cuartetos.

Mowlana lallaleddin Rumi (1207-1273) é un poeta e teólogo islámico persa, do que cabe destacar a súa poesía mística sufí.

Sheikh Sa'di (1184-1283 ou 1291) é un dos máis recoñecidos poetas persas medievais. A súa poesía é de gran valor lírico e místico.

² Avicena (980-1037) foi un científico, físico, matemático, poeta, psicólogo e teólogo persa; sobresaíndo, sobre todo no eido da filosofía e a medicina moderna.

disidente, contrario á ditadura. Ao mesmo tempo aumenta a censura por parte do estado, que tortura, encarcera e incluso executa a activistas políticos e a escritores. De feito, nos anos setenta considerase calquera evento literario propicio para protestar contra a censura e a represión, unindo política e literatura para un mesmo fin.

“A maioría de escritores apoiaron e participaron na revolución de 1979, e gozaron do breve período de liberdade de expresión que trouxo con ela” (Mozaffari, 2005: xix). Malia represión, a censura³, a guerra con Iraq, o bloqueo estranxeiro e a pobreza interna, os autores iranianos seguiron escribindo e publicando. Con todo, moitos deixaron de ser significativos na política nacional da nova república islámica, e non poucos emigraron.

Gina B. Nahai é unha desas autoras persas na diáspora:

Como xudía iraniana, con frecuencia se referiron a Gina Nahai como “non-iraniana” no país que adoraba. Como xudía cunha avoa católica francesa, na mesma casa lle dixeron que os xudeus mataran a Cristo. Como inmigrante en América, atopa difícil sentirse totalmente americana (Krotki).

³ Mozaffari (xxiv- xxv) recolle a historia relatada por Ghazi Rabihavi con respecto ás demandas censoras:

Unha vez, unha escritora iraniana escribiu unha novela de 179 páxinas, e coma calquera outro escritor iraniano presentouna ao Ministerio de Guía Islámica para recibir o permiso de publicación. Entón, a escritora esperou. O libro comezaba coa seguinte pasaxe: «*Sabía que en canto o marido lle levase unha cunca de café, sentiríase mellor, coma calquera outro día. Apoiada na fiestra, o vento deslizouse suavemente polos seus bronceados brazos, mentres os ollos se fixaban no sol do amencer, que subía por enriba dos edificios do goberno. Era un amencer coma un posta de sol*». Despois de trece meses rubindo a esvaradíos chanzos da burocracia, a escritora iraniana, por fin conseguiu unha cita co director en cargo da censura. O director non era máis cá unha cabeza. O corpo permanecía oculto tras o escritorio e parecía estar comodamente reclinado sobre algo suave. A cabeza soltou o seguinte á escritora: «Desgraciadamente, o seu libro ten algúns problemas que non poden ser corrixidos. Estou seguro de que estará de acordo comigo. Colla estas primeiras frases... ningures na nosa nobre cultura atopará unha muller que se permitiría estar esperando polo seu marido a que lle leve unha cunca de café. Está claro? Ben, o seguinte problema é a imaxe do vento deslizándose sobre os brazos espidos, o cal é provocativo e con claras insinuacións sexuais. Por último, ningures, nunha nobre cultura atopará un amencer que é coma a posta do sol. Quizais é un erro tipográfico. Aquí o ten. Aquí ten o seu libro. Espero que escriba outro libro pronto. Ten o noso apoio. Apoiámola». Daquela, a cabeza deslizouse baixo o escritorio.

Nacida en Irán e educada en Suíza e Estados Unidos, Nahai explora o realismo máxico nunha literatura que, apunta ela mesma, deu orixe ao realismo máxico “nos traballos de escritores en yiddish e incluso antes diso, nos traballos de escritores iranianos” (Nahai, 2001: A conversation with Gina B. Nahai).

Lilith

Segundo a Enciclopedia Xudaica (1971: 246-250), Lilith é un demo con forma de muller que ten as súas orixes na demoloxía mesopotámica ou sumeria⁴. Entre as súas funcións están as de alimentarse de homes, ou de mulleres dando a luz, amais dos seus nenos. Poden atoparse certas relacións entre Lilith e os demos femininos con ás que aparecen en inscricións hebreas ou cananitas atopadas no norte de Siria e datadas nos séculos VII ou VII a.C. Así mesmo, influenciada polas diferentes tradicións antigas, Lilith é presentada coma un demo na Cábala⁵, onde ten dous obxectivos principais: estrangular nenos e seducir homes.

O xudaísta Schiffman (1992: 28) afirma que as primeiras referencias a Lilith preséntanse nas cuncas e na maxia xudía babilónica, onde demos e anxos adoitan ter personalidades distintivas e se amosan en diferentes contextos narrativos. Deste xeito, a presentación física de Lilith descríbese por medio dunha cunca. Con todo, Lilith aparece vagamente mencionada -a única referencia bíblica á palabra lilith atópase en Isaías 34:14, aínda que non ten ningunha relación coa figura literaria- nos primeiros textos midráshicos⁶. As referencias á “primeira Eva”, que parecen referirse a Lilith, son pouco precisas; nelas, apunta Bronner⁷ (1994: 33) descríbese a Lilith como a primeira muller de Adán,

⁴ Jordan (2004: 175) define a Lilith da seguinte maneira: «Deusa da desolación. Mesopotámica (sumeria). Considerada como figura demoníaca que, na lenda épica de *Gilgames* e a árbore *Huluppu* vive na árbore sagrada de Inana que crece na beira do Eufrates, en Unug. Cando o heroe Gilgames ataca a Lilith, esta escapa ao deserto».

⁵ Cábala, literalmente, significa recibir. É á ensinanza mística do xudaísmo que ten como obxectivo definir o significado máis mínimo da Biblia e da literatura rabínica, así como das observancias relixiosas.

⁶ A literatura *midráshica* está composta por un tipo de literatura rabínica que constitúe unha antoloxía e compilación de homilias. A palabra midrash deriva dunha raíz que significa buscar, examinar ou investigar; este é o obxectivo deste tipo de escrituras: explicar, por medio de comentarios e sermóns públicos, certos libros da Biblia.

⁷ Leila Bronner é unha recoñecida escritora e profesora, especialista na Biblia e temas relacionados coa muller.

feita, coma el, do po da terra, e que rexeitou obedecer ao seu marido. Dise dela que é promiscua, que da a luz centos de demos e que mata os bebés dos humanos; que, en definitiva, é a antítese da feminidade. Neste sentido, certas fontes medievais, como o *Alfabeto Ben Sira*⁸, citado pola psicóloga Black Koltuv (2005: 77-79), explican os sucesos:

Deus fixo a Lilith, a primeira muller, do mesmo xeito que fixera a Adán, salvo que usou lixo e sedimento impuro no canto de po e terra. Adán e Lilith nunca viviron en paz xuntos. Ela non estaba de acordo con el en moitos aspectos, e rexeitaba deitarse debaixo del durante o acto sexual, baseando a súa demanda de igualdade no feito de que cada un deles fora creado da terra. Cando Lilith viu que Adán ía dominala, pronunciou o inefable nome de Deus e fuxiu, voando polo mundo. Por fin atopou refuxio nunha cova do deserto, á beira do Mar Roxo. Alí foi esaxeradamente promiscua, tratou con demos lascivos, e pariu centos de Lilim, ou demiños, diariamente.

Pouco despois de que Lilith deixase a Adán, este rezoulle ao seu creador e dixo:

—Deus do Mundo, a muller que me deches fuxiu do meu carón.

Deus Todopoderoso enviou, de inmediato, tres anxos, Sanvai, Sansanvai e Smangelof, para que a levasen de volta. Collérona no deserto, preto do Mar Roxo.

—Regresa a Adán sen demora —dixeron os anxos— ou habemos afogarte!

—Como podo regresar a Adán despois de estar aquí, no Mar Roxo?

—Rexeitalo será a morte —responderon.

—Como vou morrer —preguntou Lilith de novo— se Deus me mandou coidar de todos os nenos acabados de nacer: os nenos ata o oitavo día de vida, o da circuncisión; as nenas ata o vixésimo día? Xúrovos, no nome de Deus, El, que vive e existe, que se algunha vez vexo eses tres nomes vosos ou algo parecido no amuleto dunha criatura acabada de nacer, prométovos que o perdoarei.

E isto acordaron; con todo, Deus castigou a Lilith provocando que morresen cen dos seus nenos demo cada día, e se Lilith non era quen de acabar coa vida dun infante humano, grazas ao amuleto anxelical, daquela, o rancor tornábase contra os seus propios nenos.

Baskin⁹ (2002: 57) recolle outras referencias de estudosos xudeus medievais, como son as de Xénese Rabbah 18:4 que ofrece a seguinte interpretación:

⁸ O *Alfabeto Ben Sira* é un texto medieval anónimo -atribuído a Ben Sira-, onde aparece por primeira vez a historia de Lilith. Está composto por unha colección de historias de seres bíblicos que algúns crentes consideran anti-xudías.

⁹ Judith R. Baskin é unha coñecida editora e escritora, amais de profesora e Estudos Relixiosos na Universidade de Oregón.

R. Iudah b. Rabbi dixo: Primeiro creouna a ela para el e viuna chea de pus e sangue [e deulle noxo]; sacouna do seu lado enseguida e recreouna por unha segunda vez. Foi por iso que dixo «Esta vez cando menos (zot hapa'am)/ É óso dos meus ósos» (Xén. 2:23). Esta é a ela da outra ocasión; esta é a ela destinada a golpear a campá e a falar [en loita] contra min, como les, unha campá (pa'amon) dourada (Ex. 28:34); é ela a que me molestou (me-fa'amtí) toda a noite. Todas estas observacións amosáronlle o seu asombro.

A figura de Lilith en *Luz de lúa n'Avenida da Fe*

As heroínas da novela de Nahai *Luz de lúa n'Avenida da Fe* imitan a incansable busca de liberdade por parte das heroínas endemoñadas da tradición mística xudía. A ficción de Nahai redefine a idea da primeira muller, Lilith, dun xeito similar ao xa antes feito por poetas feministas xudías americanas, repetindo temas como a relación con Eva, o significado da primeira fuxida do Edén, o fatídico destino dos nenos ou o poder demoníaco. Este traballo compara o tratamento que se lle dá a Lilith dentro da tradición literaria xudía feminista americana coa segunda novela de Nahai, *Luz de lúa n'Avenida da Fe*, onde a ficción retoma a idea mística da Lilith maligna, por medio das súas protagonistas.

A novela de Nahai explora as dificultades políticas e sociais do Irán do Shah, centrándose nun grupo de mulleres do gueto xudeu de Teherán, “un mundo de estrañas obsesións e poderosas maldicións, un lugar onde os pés das mulleres están ás veces atados xuntos, polas noites, para impedir que fuxan das súas casas” (Hower: 1999). Unha historia que reflicte a traxedia dunha muller con ás, nunha cultura que trata de amarrala.

A historia do ser humano comeza, de acordo ao Xénese, coa presenza dunha árbore. Ese é o principio dun “resultado de forzas que estiveron en movemento durante séculos” (Nahai, 2000: 6). Pendurada doutra árbore, introdúcese a historia de Roxana o Anxo, coma unha das follas de Ostriker¹⁰ “Quebrándose coa luxuria/ Arriba entre o cemento” (Welesley, 1991: 5), parte dunha familia cuxa última póla é Lili, a filla de Roxana. Igual que unha árbore aclaratoria, xenealóxica, aparece a primeira folla da novela *Luz de lúa n'Avenida da Fe*, unha páxina onde se anotan os nomes dos protagonistas do libro. Unha árbore descrita ao longo da obra e que, igual que a do Edén, esconde serpes endiañadas e xentes inocentes camufladas baixo o nome dos personaxes. Unha árbore

¹⁰ Alicia Ostriker é unha investigadora e poeta, candidata ao Premio Nacional do Libro de EE.UU., e profesora na Universidade de Rutgers.

onde descansarán os descendentes da Lilith principal da historia - Roxanna- tal e como unha vez descansaron, segundo os documentos sumerios, os descendentes da muller demo na árbore Huluppu: “O paxaro Anzu deixou as súas crías nas pólas da árbore./ E Lilith, a escura dama, construíu a súa casa na escuridade”. (Wolkstein, 1983: 8)

Roxanna, coma Eva no Xésese, non ten a liberdade de elixir e decidir que facer, senón que é obrigada a actuar dunha forma en concreto. Ambas preséntanse na historia despois de que algúns eventos xa teñan sucedido; e así, polo tanto, que terán que seguir os pasos xa comezados por outros. Eva aparece no Edén despois dun acordo entre Adán e Deus: “Tomando unha costela das costas de Adán, mentres durmía, fixo a muller; entón trenzoulle o pelo e preparouna, coma unha noiva, con vintecatro xoias, antes de espertalo” (Patai¹¹, 1992: 151). Despois disto, Adán nomea á muller: Eva. No caso da novela de Nahai, Roxanna é introducida na narración por medio de Lili, lembrando as palabras da súa tía: “Roxanna fora unha fuxitiva antes de ser esposa e nai, antes de chegar a existir, ou incluso antes de ser concibida” (Nahai, 2000: 6).

Nas dúas ocasións, a historia comeza antes do nacemento das protagonistas. Eva é a segunda muller de Adán e é creada cun propósito específico: axudalo. Antes de ela foi Lilith, pero fuxiu, rexeitando calquera tipo de sometemento. No caso de Roxanna o Anxo, ela é unha das pezas da cadea que comezou tal e “como adoitan facer as traxedias, cunha muller” (Nahai, 2000: 12). Malia esta afirmación, a novela trata de explorar a vida dunha muller chea de traxedias das que non é responsable; suxerindo así o tema da culpabilidade feminina “dun destino cruel” (Nahai, 2000: 6). Neste sentido, pódense entender e defender as actuacións da protagonista, do mesmo xeito que é aceptable a reacción de Lilith ao comezo dos tempos. Cada unha de elas é unha loitadora, unha rebelde á que Yiskah Rosenfeld¹² (Ruttenberg, 2001: 131-153), no artigo “Ti quedas con Lilith, eu con Eva”, atribúe a afouteza de reclamar a súa posición como heroína, non coma demo; unha figura que loita pola súa independencia. Unha guerrilleira que Naomi Wolf¹³ (Ruttenberg, 2001: 131) define como “«unha-muller Travesa guerreira de guerrilleiros» para as feministas dos setenta”.

A xénese de Roxanna ten lugar tras a chegada dunha muller, a esposa dun rabino, e as súas catro fillas, ao Teherán do século XVIII. O

¹¹ Raphael Patai (1910-1996) é un etnógrafo e antropólogo que colaborou co escritor e investigador Robert Graves (1895-1985) no estudo dos mitos hebreos, en numerosas publicacións.

¹² Yiskah Rosenfeld é poeta e profesora de estudos xudaicos na Universidade de Temple.

¹³ Naomi Wolf (1962) é unha escritora americana descrita como a «terceira onda» do movemento feminista.

home incluso lles prohibe o luxo da risa e obrigaas a falar cunha man cubríndolles a boca, feito que rememora o encarceramento de Lilith, dominada por Adán. A imposición patriarcal no libro de Nahai é aínda maior: o rabino non dá nomes ás fillas; do mesmo xeito, “o monstro da noite” -nome habitual para referirse a Lilith- non é tan sequera nomeado na *Biblia*. Todas estas coincidencias conducen á fuxida de ambas mulleres: a que vive en Teherán entolece e entra espida no templo, o cal da comezo á serie de escapadas, mentres a outra foxe do Edén. Estas saídas son preludio dun castigo para a descendencia. Lilith transfórmase nun demo do aire e recibe a sentenza de morte para mil dos seus fillos. Na novela de Nahai, o ataque de loucura da muller do rabino predí o sufrimento da seguinte xeración, cuxas mulleres terán que escapar do entorno familiar.

Sabedores do castigo que ha caer sobre as criaturas acabadas de nacer; para protexer os nenos dos malos presaxios provocados por Lilith, créanse amuletos. No caso dos descendentes da familia Crow -nome que os xudeus de Teherán deron aos membros da familia do rabino- atan as fillas ás camas. Este mesmo sufrimento é o que Susha, a nai de Roxanna, ten que soportar antes de deixar a casa e dar a luz. Cando queda embarazada por cuarta vez, advérteselle que aborte, posto que é “totalmente seguro, como se estivese escrito na Torá, que calquera neno nacido no oitavo mes de embarazo será deforme ou retrasado” (Nahai, 2000: 25). Rexeitando tal proposta, o día que pare, o sol sae ás sete do serán, provocando que a orde natural do día e da noite varíe, ese día, no gueto. Este cambio repentino evoca aquel no que Xesús -un feminista, pensa Leonard Swidler¹⁴ (2007)- morre e os ceos escurecen. No caso do acabado de nacer, florece un profeta, Roxanna o Anxo, que ten moitas similitudes con Lilith, non só como metáfora do feminismo, senón tamén como personaxe inxustamente endemoñado.

Tras o nacemento da nena, a avoa -BeeBee- suxire regalala ou matala, un acto que Lilith realiza cos seus propios fillos. A pesar do odio que trae con ela, Roxanna medra na casa sendo culpada de todas as calamidades que suceden ao redor, e obxectivo fundamental de todos os amuletos contra a mala sorte. As familias adoitan debuxar un círculo de carbón, na parede do cuarto do neno, para afrontar calquera posible desgraza. Con ese amuleto, no que se anota “salvo Lilith”, buscan protexerse do monstro da noite. Nese mesmo sentido, “para desfacerse da sorte maligna de Roxanna na casa de Shusha, ela [BeeBee] prende un braseiro cheo de carbón, anota o nome de Roxanna nun ovo cru, e pon o ovo sobre o carbón; esperando que arda” (Nahai, 2000: 32). Así,

¹⁴ O libro de Leonard Swidler (1929), *Xesús foi un feminista*, é unha estudo no que se interpretan as mensaxes e pensamentos feministas de Xesús.

rexeitada dende pequena, “o Anxo” recibe o trato dun demo ao que a propia nai quere asasinar. E isto non é debido a que Susha sexa a encarnación do diaño e por iso cargue coa maldición de ter que perder algún neno todos os días, senón pola súa propia filla: un demo cativo.

Coa intención de proseguir a súa loita contra a mala sorte, Susha empuxa a Roxana do tellado da casa; con todo, a nena voa, igual que Lilith. “Dende ese día en diante, Roxanna, que fora totalmente mansa toda a vida, foi posuída por mil demos. Quizais mirara fixamente a lebreel, o Anxo da Morte” (Nahai, 2000: 38); Lilitu, o Espírito do Vento; Labartu, o Asasino de Nenos; Lamashtu, o Lamia¹⁵ grego; ou Lilith, o Demo da Noite. Calquera que fose o motivo, Roxanna é expulsada da casa e entregada como servinte; e aínda non como escrava sexual, coma o mostro coa que se compara. É arroxada como unha criatura que ten poderes que só poden apartarse coa axuda mística dun amuleto.

Na nova casa, Roxanna comparte as súas vivencias cunha rapaza da súa idade, Mercedes. A diferenza principal entre elas estriba na concepción do amor, xa que Mercedes busca sexo desesperadamente -coma Lilith-, mentres a outra é unha virxe inocente -coma Eva- que espera atopar o amor. Nesta ocasión, a amizade que crece entre elas é igual á descrita por Plaskow¹⁶ (Kvam, 1999: 423-425), no relato “A chegada de Lilith”, en relación a Eva e Lilith. No conto, Lilith e Eva chegan a ser boas amigas despois de falar das súas relacións con Adán. Na historia que acaece no gueto, ningunha delas é aceptada polos pais e, aínda que son moi diferentes, conseguen levarse ben. Cada unha delas adopta certas características da outra e así, despois de varios anos, Roxanna atopará no sexo un xeito de vivir ou, cando menos, de acadar unha vida mellor.

A vida que comparte con Mercedes creará unha dobre personalidade en Roxanna, como confesa a primeira á filla da outra:

Unha era a fuxitiva exiliada que se supuña estaba destinada a ser a muller da mala sorte que todo o mundo esperaba que fose. A outra ía ser tan boa, probou o contrario a todo o mundo (Nahai, 2000: 328).

Se Roxanna é Eva e Mercedes é Lilith, a confusión quedará tatuada na personalidade do personaxe principal da novela de Nahai; polo que será unha muller loitando con dúas persoas dentro, unha inocente e outra astuta.

¹⁵ Lamia é un monstro fabuloso con corpo de muller que se alimenta de seres humanos e que chucha o sangue dos nenos.

¹⁶ Judith Plaskow é unha especialista en teoloxía feminista e profesora de Estudos Relixiosos no Manhattan College.

A morte da dona de Roxanna non só a devolve ao seo familiar, senón tamén a esa realidade coa que é vista polos outros: un ser maligno. É por este motivo que aprende a calar todo aquilo que pode provocarlle problemas, e por iso mesmo non revela os casos de mortes que coñece, posto que se pensaba que a morte “significaba que a moza era a que traía a mala sorte” (Nahai, 2000: 77). Amais, nestes momentos nos que Roxanna ten que valerse por si mesma, faise realidade a oportunidade de construír unha nova vida -fóra do gueto, fóra das fronteiras do «paraíso xudeu» onde nace. É daquela, cando busca á súa compañeira Mercedes, que atopa o seu Adán na praza da Liberdade.

O nome do lugar onde se atopan por primeira vez Roxanna e o seu amante é irónico: a praza onde se adoitaban matar inimigos é o punto que marcará a independencia de Roxanna. Alí saltará sobre o muro que a separa da idade adulta para caer nun período que pode ser descrito, retomando as palabras usadas por Rosenfield (Ruttenberg, 2001: 132) para referirse a Lilith, como “descarada, ninfómana, rebelde e perigosa”.

Unha vez máis, ao entrar na casa do seu futuro marido, Sohrab o Pecador, Roxanna o Anxo é rexeitada. Á ama de casa non lle gustan os estranxeiros, sobre todo “xudeus chuchasangues [e] o inglés, [...] a serpe que durmiu en todas as camas do rei e se anicou baixo a almofada de todo xudeu” (Nahai, 2000: 85). Amais, “esta moza ou ben é unha xudía ou un inglés ou ambos” (Nahai, 2000: 86), asegura a ama de chaves. Iguálase, deste xeito, a Roxanna coa serpe que tentou a Eva e causou a expulsión do Edén, o animal que Rosenfeld (Ruttenberg, 2001: 143) asocia a Lilith debido ás súas similitudes. Como suxire a estudosa, a serpe é a amiga de Eva, Lilith, disfrazada “para intentar axudar a que Eva recupere o poder que necesita para escapar”. Polo tanto, é posible postular que Roxanna é a serpe, quizais unha encarnación deses demos asociados a ela. E tamén é certo que a vida do Anxo cambiará tras estar nesa casa onde se arrastra polas paredes dese novo xardín que fará que volva voar.

Roxanna, como Lilith despois do castigo, séntese invisible no edificio onde está. Esta última métese nas camas dos homes intentando roubarlles o esperma e Roxanna séntese “tan lixeira que ninguén oe as súas pegadas” (Nahai, 2000: 89). Ambas as dúas son libres, apartadas da comunidade xudía e capaces de moverse sen que ninguén as observe. Son espíritos “que teñen o poder de transformarse nunha forma humana” (Nahai, 2000: 91), rexeitadas cando non son amadas. Neste sentido, Roxanna consegue namorar a Sohrab, pero non é quen de evitar o odio da súa sogra, Fraulein Claude, quen a descualifica como a criatura máis desprezable que nunca antes coñecera.

Dende a saída da casa, a familia do gueto non volve estar con Roxanna ata o día da súa voda. No novo fogar, malia ter que soportar a postura totalmente oposta de Fraulein Claude, Roxanna está atrapada dende o día que entra; Teymur, o pai de Sohrab, retena. “Viu as súas ás -esas plumas transparentes que se tingúan de cor só pola noite” (Nahai, 2000: 115), igual que o Pai viu as de Lilith. En ambos casos, as mulleres casan cos fillos deses pais observadores e quedan con eles ata que se dan de conta de que a fuxida é a mellor opción.

O matrimonio entre Roxanna e Sohrab consúmase e nace unha nena. A nai elixe o nome: Lili, “que ía volver vivir mil vidas e facer que cada unha delas estivese libre de calquera perda” (Nahai, 2000: 118). Ela é a herdeira do espírito feminino do nome do vento, do alter-ego da súa propia nai. E igual cá nai, igual que Lilith, crecerá soa e será desprezada.

Lilith e Roxanna comparten unha personalidade irreverente que provoca a súa expulsión do lugar onde están. Lilith é desterrada do paraíso porque insiste na súa igualdade con Adán, que é o que recibe a facultade de dar nomes:

“E ti, como te chamas?” Respondeu,
“O nome de Adán vaime” Preguntou Deus,
“Por que?” Respondeu, “Porque fun feito
de terra (adamah)” Preguntou Deus,
“E eu, como me chamo?” “O nome de
Señor [Adonai] vaite” Preguntou Deus “Por que?”
“Porque es o Señor sobre todas as cousas” (Xénese Rabbah 17:4)

Ela, a muller, dá nome ao acabado de nacer en *Luz de lúa n’Avenida da Fe*, apropiándose dunha responsabilidade do home. Este agasallo, o de definir o mundo, confírelle certo poder sobre el, feito que aproveita a muller para elixir e controlar ao seu marido.

A descrición de Lilith no *Talmud Babilónico*, unha criatura salvaxe e peluda, con ás, e con tendencias ninfómanas, non encaixa co personaxe principal da novela, salvo no feito de que lle crecen ás. Con todo, as tendencias sexuais de Roxanna cambian tras o nacemento de Lili e o suicidio de Shusha. Nesta ocasión soña co enterro da nai, á que ve rodeada de escorpión -criaturas salvaxes do deserto onde está Lilith. E é xusto despois dese soño que pon “os dedos nos seus [de Teymur] beizos e lle parte a boca” (Nahai, 2000: 133), abrindo unha porta que a empuxará, definitivamente, fóra do mundo no que reside.

A pesar dos ataques continuos ataques do sogro, Roxanna é a única á que se culpa por cometer pecados relacionados co sexo, como sucedeu con Eva. É a culpable e a que ten que sufrir o castigo; neste caso non é a expulsión inmediata, senón o contrario. O Adán da historia quere

vinganza, por iso quere encerrala; Eva-Lilith quere o contrario, quere saír da casa da Avenida da Fe. Quen escapa, finalmente, é Teymur, namorado do “son da respiración de Roxanna” (Nahai, 2000: 142).

Tras varias semanas encerrada na casa, Roxanna volve ter un soño: pode voar. Esa mesma mañá, cando esperta, como xa sucedera anos antes, atopa o chan “manchado con grandes plumas azuis e brancas” (Nahai, 2000: 167). Daquela, precedendo a saída, nai e filla camiñan polas rúas da cidade mentres un novo soño enche o cuarto de máis plumas. Sente que é a hora de marchar, vender a alma e permanecer xorda aos berros de Lili e ás voces do seu marido. Leda Whitman¹⁷ (1985: 13), no poema “Adán entrou na miña tenda” reflicte, en palabras de Lilith, a impotencia de estar vivindo con alguén que non quere. O monólogo da Lilith de Whitman pode xuntarse ás palabras do marido e da filla da Lilith de Nahai para explicar a postura de cada un deles:

Sohrab	Roxanna	Lili
Estás soñando		
	...preguntou por que non o quería	
Non teñas medo	Encollín os ombros e mirei cara outro lado	
		Mamá!
	Que podía responder? Que non podo	
	soportar o seu xeito de inspeccionar cada	
		Mamá!

Ante a mirada da filla, Roxana sobe á varanda e, abrindo os brazos, lánzase cara a noite. Marcha sen despedirse, chea de esperanzas nun exilio que atopa onnipotente. Séntese unha fuxidía cara o Oeste, tal e como Enid Dame¹⁸ (1989: 4) interpreta o mito no poema “Lilith”: “expulseime a min mesma do paraíso/ deixei un burato na mañá/ sen notas sen adeuses”.

Na procura dun novo lugar, Roxanna ten que representar o papel que provocou o desprezo da primeira muller sobre a terra. Terá sexo cun mozo, para así poder chegar a Turquía e sobrevivir alí, non coa venda da súa alma, senón co aluguer do seu corpo. Así mesmo, perderá a urxencia de correr e voar, igual que Lilith cando atopa o seu lugar na costa. En Istambul, unha cidade onde o mar está en calquera sitio, vivirá ata que a encontran. Esta parte da historia ten outro paralelo coa do “demo da noite”: cando Lilith foxe do xardín, Deus envía tres anxos para que a

¹⁷ Os poemas de Leda Whitman recollidos nesta colección non están publicados. Pertencen a unha tese final de Mestría na Universidade de Brown.

¹⁸ Enid Dame (1943-2003) foi unha poeta e escritora dedicada a un tipo de escritura baseada na cultura xudía.

leven de volta, mentres en *Luz de lúa n'Avenida da Fe*, dúas mulleres van na súa procura -a terceira, Lili, decide non ir, finalmente, porque teme saber se a nai está viva ou morta.

A fuxida provoca que Sohrab e Teymur se unan no intento de atopar a Roxanna, igual que Adán e Deus o fan cando Lilith escapa. Nos dous casos, posto que non conseguen acadar o obxectivo, a atención céntrase noutra muller, na inocente nena: Eva nun caso, Lili no outro. En consecuencia, Lili pasa a ser a protagonista desta parte da historia que fai que emigre a América, o paraíso terreal, “a terra de eleccións e posibilidades” (Nahai, 2000: 209).

Só cinco meses despois da desaparición de Roxanna, a súa filla sofre as consecuencias dese acto. O castigo para Lili é vivir fóra do país e crecer dentro dunha cultura diferente, e separada de calquera contacto co pasado. A transición dun país a outro non só marca un traslado cara o Oeste, senón tamén cara a outra relixión. Lilith, un mito relacionado co Este, co xudaísmo en particular, non está presente nas culturas occidentais, onde a única esposa que se lle coñece a Adán é Eva. Esta é a crenza cristiá e a base do novo contacto de Lili co novo mundo, posto que vivirá nun colexio rexentado por monxas.

A nena de seis anos é separada da familia e do país, e levada ao lado oposto do hemisferio, tamén contrario ao lugar onde Lilith voara. A cidade á que vai é Los Ángeles, un nome que esperta unha imaxe contraria á que se ten da súa nai. É posible afirmar que Lili adopta o papel de filla dun “dos moitos espíritos que habitan as noites de Persia e que teñen a capacidade de transformarse en seres humanos” (Nahai, 2000: 91), e, polo tanto, de demo.

En moita da literatura do exilio, os nenos son portadores das desgrazas familiares. Os pais teñen que deixar os seus países de orixe e establecérense noutros lugares, e os fillos teñen que seguiilos. Nestes casos, os novos adáptanse á nova cultura antes cós seus proxenitores; no caso da filla de Roxanna, a situación é diferente. A rapaza séntese abandonada, unha nena da soidade, como apunta o título do libro de Anzia Yezierska¹⁹ (1923), onde a rapaza protagonista rexeita os costumes tradicionais duns pais moi diferentes a unha cultura que xa é propia dela. É por iso que a rapaza non ten que aprender dos pais, senón que ten que aprender ela mesma, soa, a adaptarse a calquera lugar.

Mentres as mulleres adoptan o rol maléfico do feminismo, os homes asumen o papel benfeitor do patriarcado. En Xénese 2: 1-2 anótase a

¹⁹ Anzia Yezierska (1880-1979) novelista polaca que emigrou de pequena a EE.UU. As súas obras, narradas nunha mestura de inglés e yiddish, reflicten as dificultades de asimilación, especialmente para as mulleres xudías, en América.

importancia do pai como dador de vida: “Así foron acabados os ceos e a terra e toda sas súas hostes. E no sétimo día completou Deus a obra que fixera, e descansou [...]”. Sohrab, igual que Deus, o Pai, tamén fai un traballo: mandar fóra á filla; e non é ata o sétimo día despois da saída que establece o primeiro contacto con ela, cando xa está convencido de que hai unha transformación na súa vida. Este tópico dos números non parece ser casual, senón causal. Este paralelismo coa *Biblia* non é o único, xa que hai diferentes mencións deste tipo en momentos importantes da novela; así: son as sete da tarde cando nace Roxanna e son sete os anos que pasa interna como ama de chaves. Certos estudosos conectan este número co demo, como Johann Weier²⁰, quen fixo un inventario de díaños e calculou que había uns sete millóns. Amais, existe a crenza de que os nenos deben levar sete medallóns cos nomes en hebreo dos anxos que Deus mandou para conseguir o retorno de Lilith ao Edén.

Non é un medallón senón un brazaletes o que Lili recibe do pai. Igual cos que serven para protexer os infantes do demo, o brazaletes ten unha inscrición; neste caso con dous nomes: Roxanna nun lado, Lili no outro. Para rematar a secuencia de agasallos, Sohrab bica a filla por primeira vez; un bico antes de entregar á inocente ás mans do Imperio. Este xesto de afecto fai lembrar o bico de Xudas a Xesús cando o dá aos romanos. Nas dúas ocasións, o inocente queda no lugar, contemplando un cemiterio e berrando o nome do pai nos intres de maior soidade.

Lili chega a América coma unha exiliada, xudía, de Teherán. Os sentimentos que se evocan na novela exprésanse de igual xeito na poesía dos emigrantes xudeus americanos de Europa do Leste: xente nova que quere encontrar no seu pasado un sentido ao lugar onde están no presente, establecendo relacións entre as xentes e o fogar que deixaron atrás.

O colexio é unha cova que provoca que Lili se sinta invisible para ela mesma e con respecto aos outros. Apartada de calquera contacto coa familia, o intercambio de cartas é o único que lle queda para manter a esperanza. As epístolas son poucas e breves, valeiras de palabras e cheas de distancia, coma os evocados por Kadya Molodowsky²¹ (Hellerstein, 1999: 361) en “Cartas dende o gueto”. Nos seus versos, expresa a angustia e a pena, a soidade e a desesperación, que Lili vive no seu particular gueto, a escola.

²⁰ Johann Weier (1515-1588) foi un físico, ocultista e demólogo holandés. Entre os seus traballos cabe mencionar que foi un dos primeiros en declararse en contra da caza de bruxas.

²¹ Kadya Molodowsky (1894-1975) foi unha poeta que escribiu en yiddish, tanto na súa actual Polonia natal como en EE.UU.

As túas breves cartas—
Tres liñas nunha postal, nada máis.
Como se cada milla engadira unha pedra—
É así de pesadas que son.

Unha liña sobre a saúde de todos,
Cada unha mencionando o nome,
Non hai porque preocuparse,
E os espazos en branco piden clemencia no papel,
Así, probablemente, é a caligrafía das bágoa.

En Los Ángeles volve aparecer a figura da rapaza que compartira a xuventude con Roxanna: Mercedes. Leva dezaseis anos na cidade e tras todo ese tempo enriqueceu. Con todo, as monxas do colexio téñenlle medo e só despois de moitas insistencias permiten que a nena, Lili, vaia visitar “o demo da capa vermella” (Nahai, 2000: 228) nas fins de semana.

Atrapada na soidade, Lili tenta atopar unha escapatoria na piscina de Mercedes. Na auga sente a sensación de liberdade que lle concede o poder voar na profundidade; voar polo aire, como a nai, e afogarse na auga, como Lilith. De calquera xeito, o tempo pasa e ten a obrigación de crer en América como a súa terra, onde pode ser quen queira e crear un novo destino. Ten que conformarse con mirar a través da fiestra, como Irena Klepfisz²² evoca no seu poema “A fiestra” (Kaye/Kantrowitz, 1989: 51)

Mira pola fiestra.
Todo está presente.
A sombra do pasado
cae por todos lados.

Isto está hermo
Pensa.

E as nosas linguas puxéronse
secas o deserto
secou as nosas linguas e
esquecemos como falar.

Mira pola fiestra.

²² Irena Klepfisz (1941) é unha poeta, ensaísta e tradutora polaca; na súa escritura amosa a preocupación por lo feminismo, o Holocausto, o anti-semitismo ou o conflito palestino-israelí. Actualmente é profesora no Centre College de Kentucky.

Todo está presente

Eses son os sentimentos de Lili: está soa nun país hermo, desértico; nunha xungla de linguas diferentes, feito que provoca que estea calada a maior parte do tempo. E é que non pode ver nada no presente, pois os seus ollos van cara ao pasado, cara unha triste sombra: “Roxanna, que me abandonou, Sohrab, que me mandou fóra” (Nahai, 2000: 263).

Continuando a liña de saídas cara o Oeste, a irmá de Roxanna, Miriam, é a seguinte en deixar un país que está explotando cunha revolución. Os berros contra América empúxana a tomar a última decisión: crer na terra onde crecen as oportunidades. Como Lilith, desafía o destino e proba o descoñecido, abandonando a Sohrab, como castigo polo erro cometido: “[...] trabucácheste ao cortar con Lili. Lembrábate a Roxanna [...] por iso a mandaches fóra e a encerraches pretendendo que era polo ben dela” (Nahai, 2000: 275).

Miriam pasa a ser o anxo que busca á perdida Lili, a última dunha saga. Será Miriam quen confese a verdade da familia, o libro do éxodo de toda a parentela de *Luz de lúa n’Avenida da Fe*. Namentres, Sohrab permanecerá no seu particular Edén, desposuído da súa fortuna debido ao enfado do goberno, que non lle deixará máis ca un cuarto, un espazo diminuto para alguén que viviu nun palacio na mesma Avenida da Fe.

En América, a chegada da tía de Lili posibilita que se aclare o enigma que sempre tratou de resolver: que pasou coa súa nai. Miriam representa o papel de anxo mensaxeiro que tenta achegar a Roxanna á cidade dos anxos, ao Edén, a Los Ángeles. Emporiso, no canto de regresar á familia, Roxanna o Anxo decide quedar na súa caverna, na cidade rodeada polo mar. Ese rexeitamento é o mesmo có da filla, que non quere formar parte do comité que intenta devolver a nai ao entorno familiar. Ambas fan recordar a resposta negativa de Lilith cando se lle pide que regrese ao paraíso. Pero as dúas primeiras aceptan, finalmente, un encontro, marcando así un triunfo na súa fuxida, un triunfo do seu pensamento revolucionario, un triunfo da Lilith feminista. Esas mesmas palabras son as que Aviva Cantor²³ (Heschel, 1983: 42) utiliza para describir esta heroína independente: “Irradia forza, seguridade; négase a cooperar co seu propio vitimismo”. É por iso que consegue graduarse cun diploma en vida e sufrimento, e un título en loita contra as regras establecidas e os pensamentos colectivos. Ela, Lilith, a criatura endemoñada que toma a forma doutros personaxes para o seu propio beneficio, na novela de Nahai; a guerrilleira loada por

²³ Aviva Cantor é unha loitadora pola igualdade feminina dentro do xudaísmo, co-fundadora da revista xudía feminista *Lilith*.

feministas e que Nahai presenta como humana, loitadora pola igualdade e cultivadora de ás -liberdade.

Antes do encontro familiar en Los Ángeles, Lili executa a maldición que a profecía lle conferira á primeira muller: matar nenos. Neste caso, o neno a executar é ela mesma, herdeira do pecado. Así, só as reprimendas da tía conseguen que non se corte as veas: “Xa Deus ten présa dabondo para matarnos a todos. Non necesita a túa axuda” (Nahai, 2000: 327). Unha vez máis aparece Deus como figura que dá e quita vida. Pero si é Miriam quen asume a responsabilidade da cumprir coa penitencia, posto que mata os seus fillos, igual que Lilith fixera cando non lle quedou máis remedio -no caso de Miriam é a sede de vinganza que provoca o exilio.

Nas últimas páxinas de *Luz de lúa n’Avenida da Fe*, Lili empeza a coñecer a vida real da súa familia. Así, recoñécese claramente á Lilith asasina de nenos que aparece disfrazada e protexida polos corpos de diferentes mulleres: Lili tentando matar a nena que ela aínda é; Miriam, que asasina aos seus propios fillos; e Mercedes, ninfómana e conselleira en favor do cumprimento das matanzas. Á vez, a Roxanna de ás fuxidias decide escapar novamente e viaxar a América, á costa Leste, onde está o mercado de Tel Aviv. E alí morrerá, na Avenida Veterana, unha rúa que será quen de congrega a toda a familia.

A rotura entre o aquí e o alí -América e Irán, Paraíso e Exilio- está presente nos últimos días de Roxanna, como admite o seu médico: “De volta en Irán, non tivera perdido o tempo nin un minuto [...] pero aquí, en América, había unha especie de lei sobre responsabilidade de actos [...]” (Nahai, 2000: 339). A separación faise parte da vida real da ficción a medida que Roxanna comeza a crecer, provocando que o hospital onde está internada se incline cara un lado. Neste momento infórmase á familia da situación: a rotura da raíz que provocará outras quebras, posto que as fisuras non só afectarán ao edificio, senón tamén ás unións entre a sociedade occidental e oriental, ás relacións entre homes e mulleres.

As roturas provocarán cambios como que esa noite, Roxanna “por primeira vez en doce anos, pide axuda a Deus” (Nahai, 2000: 339). Comparada e relacionada co demo, o seu derradeiro desexo é converterse nunha crente cargada de rezos, de igual xeito que adoitaban facer aqueles que buscaban protexerse de Lilith. Do mesmo xeito, igual cós amuletos usados para protexer aos nenos, a protagonista do libro recibe unha beizón grazas a un cordel vermello que lle leva un rabino. A función do talismán, que serve para espantar o mal de ollo, trae de volta a teoría da dobre personalidade de Roxanna. Pero amais do rabino, un gurú e un monxe tibetano intentan escorrentar o demo; con todo, Roxanna morre. Quizais todos eses amuletos e cánticos para

previr a chegada do díaño non axuden á enferma, senón todo o contrario, posto que é ela mesma o demo.

Culpa e pena son as causas da morte de Roxanna. Todas as emocións gardadas son as que enchen un corpo do que nunca saen bágoas e que termina por reventar. O sentido de culpabilidade por ter enterrado a unha filla que quería, pero que abandonou, e pena por ter deixado o lugar e a xente que adoraba. Ese é precisamente o seu lamento, o seu arrepentimento: deixar soa á filla e a Mercedes, quen provoca a súa partida. Mercedes, asociada a Lilith, é vista pola xente como Eva. Polo contrario, é Roxanna a que carga coa culpa da arrogancia de Lilith e por iso marcha, para evitar a dor da filla, para aliviar as penas da súa xente.

Conclusión

A literatura persa ten ofrecido innumerables exemplos de boa escritura ao longo da súa historia. O misticismo, a poesía e o realismo máxico iraniano promoven un tipo de escritura non moi espallado en Occidente, pero de gran valor literario. A confluencia de culturas que sempre foi Irán artellou un escaparate de valores reflectidos nas súas letras. Un exemplo dese confluír de culturas e historias é *Luz de lúa n'Avenida da Fe*, unha obra na que a súa autora sabe manexar realidade e ficción de xeito que chegan a confundirse.

A novela, continuando a tradición do mundo dos contos, remata coma un relato fantástico, igual que unha fábula que deixa como moral unha máxima en contra da rendición: “viaxar cara adiante a pesar do que se deixa atrás” (Nahai, 2000: 364). A historia que transcorre en torno á Avenida da Fe é a historia dunha muller, Lilith, que esixiu os mesmos dereitos que Adán, e que por iso foi descualificada como demo. É a vida dunha muller, vestida con corpos diversos, que intenta fuxir, porque “non existe tal cousa, o Destino” (Nahai, 2000: 373); en definitiva, a crónica dunha persoa que quere atopar a illa onde reina a igualdade.

No estudo feito, amósase a importancia da figura de Lilith para o mundo feminista e, neste caso principalmente, no mundo da literatura. É sobre todo a tradición xudaica a que se esforza en dar a coñecer a Lilith, e as escritoras máis comprometidas coa loita pola liberdade feminina as que expresan coas súas letras a angustia que lles provoca calquera tipo de sometemento. Igual que Gina B. Nahai, moitas desas escritoras son xudías emigradas a América, onde atopan, cando menos, a liberdade de poder escribir os seus pensamentos. Para todas elas, a literatura constitúe un medio de expresión e de reivindicación, amais de

unha forma de tratar de corrixir erros históricos narrados de acordo ás conveniencias dos analistas.

Tanto no texto de Nahai como nas outras obras onde se adopta o mito de Lilith para narrar ou poetizar, a muller é a protagonista; unha femia loitadora e soñadora, que anhela acadar esa liberdade na que aínda cre. Unha liberdade que sexa quen de transgredir as fronteiras non marcadas pola literatura, como sucede con Nahai, unha escritora xudía, iraniana, que vive en América.

Bibliografía

Baskin, Judith R. (2002). *Midrashic Women. Formations of the Feminine in Rabbinic Literature*. Hanover: University Press of New England.

Berenbaum, Michael and Fred Skolnic (2007). *Encyclopaedia Judaica*. Detroit: Macmillan.

Black Koltuv, Barbara (2005). *Amulets, Talismans and Magical Jewelry. A Way to the Unseen, Ever-Present, Almighty God*. Berwick: Nicolas-Hays.

Bronner, Leila Lea (1994). *From Eve to Esther. Rabbinic Reconstructions of Biblical Women*. Louisville: Westminster John Knox Press.

Colunga Cueto, Alberto e Elonio Nacar Fuster (1986). *Sagrada Biblia*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.

Dame, Enid (1989). *Lilith and Her Demons*. Merrick: Cross-Cultural Communications.

Encyclopaedia Judaica. Vol. 11. (1971). Jerusalem: Keter Publishing House.

Hellerstein, Kathryn (1999). *Paper Bridges: Selected Poems of Kadya Molodowsky*. Detroit: Wayne State University Press.

Heschel, Susannah (1983). *On Being a Jewish Feminist*. New York: Schocken Books.

Hower, Edward (1999). Disponible en [consult. 14.02.2008]: <<http://www.nytimes.com/books/99/05/30/reviews/990530.30howerst.html>>

Jordan, Michael (2004). *Dictionary of Gods and Goddesses*. New York: Facts on File.

Kaye/Kantrowitz, Melanie and Irena Klepfisz (1989). *The Tribe of Dina: A Jewish Women's Anthology*. Boston: Beacon Press.

Krotki, Amanda (s/d). Disponible en [consult. 14.02.2008]: <http://www.jewishfamily.com/culture/front/displayculture.php?text=/culture/books/moonlighting_an_interview.txt>

Kvam, Kristen E., Linda S. Scheearing and Valery H. Ziegler (1999). *Eve and Adam. Jewish, Christian, and Muslim Readings on Genesis and Gender*. Bloomington: Indiana University Press.

Leeming, David A. (1994). *A dictionary of Creation Myths*. Santa Barbara: Oxford University Press.

Midrash Rabbah. Genesis I and II (1961). London: The Soncino Press.

Mozaffari, Nahid (2005). *Strange Times, My dear: The PEN Anthology of Contemporary Iranian Literature*. New York: Arcade Publishing.

Nahai, Gina B. (2000). *Moonlight on the Avenue of Faith*. New York: Washington Square Press Publication.

Patai, Robert (1992). *Robert Graves and the Hebrew Myths. A Collaboration*. Detroit: Wayne State University Press.

Reidhead, Julia (2001). *Jewish American Literature: A Norton Anthology*. New York: W. W. Norton & Company.

Ruttenberg, Danya (2001). *Yentl's Revenge. The Next Wave of Jewish Feminism*. Jackson: Seal Press.

Schiffman, Lawrence H. & Michael D. Swartz (1992). *Hebrew and Aramaic Incantation Texts from the Cairo Genizah*. Sheffield: JSOT Press.

Smith, Homer W. (1953). *Man and his Gods*. London: Jonathan Cape.

Swidler, Leonard (2007). *Jesus Was a Feminist: What the Gospels Reveal about His Revolutionary Perspective*. Lanham: Sheed & Ward.

Tanakh (2000). Philadelphia: The Jewish Publication Society.

Welesley, Ma. (1991). *Women's Review of Books*. VII. No. 12, September.

Whitman, Leda (1985). *Overheard in the Garden and Elsewhere*. Brown University: Manuscript non publicado.

Wolkstein, Diana (1983). *Inana, Queen of Heaven and Earth*. New York: Harper & Row.

Yarshater, Ehsan (1985-2004). *Encyclopaedia Iranica*. London: Routledge & Kegan Paul.

Yeziarska, Anzia (1923). *Children of Loneliness*. New York: Funk & Wagnalis.